





Idioma:  

**detalle da nova**

portada - **temático libre**

**As tres universidades galegas desenvolverán un proxecto de investigación matemática dotado con 7,5 millóns de euros** [14/8/2006 18:36]

-Trátase do proxecto Mathematica, enmarcado no Programa Enxeño 2010, para promover actuacións que incrementen o peso da matemática na ciencia e na empresa

As tres universidades galegas desenvolverán conxuntamente un proxecto de investigación matemática dotado con 7,5 millóns de euros, repartidos nun período de cinco anos. En concreto trátase do proxecto Mathematica, enmarcado no Programa Enxeño 2010.

Segundo a Universidade de Santiago de Compostela (USC), os grupos de investigadores galegos, que sumarán 62 persoas en total, traballarán en dúas plataformas previstas dentro deste proxecto, que serán a Mathematica Consulting e a Mathematica Computing. Este grupo de investigación estará coordinado polo Centro de Supercomputación de Galicia, organismo que recibirá unha cofinanciación da Xunta de Galicia.

O catedrático da USC, Alfredo Bermúdez de Castro, formará parte do Consello de Dirección de Mathematica e a profesora da mesma institución académica compostelana, Peregrina Quintela, asumirá a representación do nó galego no Comité de Xestión do Proxecto.

O programa 'Enxeño 2010' é unha iniciativa que pretende involucrar ao Estado, á empresa, á Universidade e a outros organismos públicos de investigación para unir esforzos en I+D+i co obxectivo de alcanzar neste campo o nivel que lle corresponde a España en Europa.

O programa Mathematica é unha proposta singular que desenvolverá un Programa de Actividade Investigadora (PAI), integral para a matemática española, co obxectivo básico de promover e executar actuacións estratéxicas de ámbito estatal que incrementen cualitativa e cuantitativamente o peso da matemática no sistema de ciencia, no sistema tecnolóxico, na empresa e no panorama internacional.

ifg

SANTIAGO. IFG/AGN

 **Copiar Texto**

Visita os nosos temáticos de **LIBRE ACCESO**

- Galicia I+D
- Medio Ambiente
- Galicia Rural

**GMT:** 7:12  
**Santiago:** 9:12  
**Buenos Aires:** 4:12

**AGN PRODUCTOS**

**Rexístrate en AGN** contratando algún dos nosos produtos, disporá de toda a información do día que precise.

Consulte as nosas ofertas para face-la súa elección.

**A maior oferta** en servizos de información de Galicia.

Faga **click** nos nosos produtos e siga as instrucións para rexistrarse.

 **Contacte con nós**



**2006 © Axencia Galega de Noticias. Está expresamente prohibida a redistribución e a redifusión de todo ou parte dos servizos da Axencia Galega de Noticias sen o seu previo e expreso consentimento.**

privacidade de datos, termos legais